

MÁSTER UNIVERSITARIO EN FILOSOFÍA. COÑECEMENTO E CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

SIGNO, REPRESENTACIÓN, REALIDADE

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRICIÓN

A materia ten o código P5251102. É unha disciplina troncal e obrigatoria do módulo I do Máster universitario en *Filosofía. Coñecemento y cidadanía*, que xunto ás outras cinco materias dese módulo pretende fornecer unha formación común aos estudantes. Esta materia impártese no primeiro semestre. É de 3 créditos ECTS (divididos segundo o Plan Docente Anual en 21 h. de clases, das que, 9 h. son de docencia expositiva, 12h. son de docencia interactiva y 3 h. son de tutorías de grupo; 52 h. de traballo persoal do/da estudante, incluídas lecturas, estudio e realización de tarefas). A materia impártese na Facultade de Filosofía.

PRERREQUISITOS

O seguimento desta materia require de habilidades lingüística básicas no uso de algún dos dous idiomas oficiais da USC; é dicir, español ou galego.

Non require necesariamente dunha formación previa, aínda que ter cursado o Grao en Filosofía e, singularmente, ter coñecementos xerais sobre nocións básicas de semiótica, lóxica e filosofía da linguaxe resultará de utilidade.

IMPARTICIÓN

A materia será impartida en español, aínda que pode darse tamén en lingua galega no caso de que así fora solicitado polo alumnado. Si houbese estudantes procedentes doutras universidades españolas ou de universidades estranxeiras ao amparo dos convenios nos que participa a USC, a materia será impartida en lingua española, dado que ese é o idioma que se lle esixe para outorgar a mobilidade. O programa está dispoñible en galego e español no seguinte enlace:

http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/programa_materias.html

A materia impártea o prof. catedrático da área de Lóxica e Filosofía de la Ciencia, Alejandro Sobrino.

A información relevante da materia, así como os avisos e cualificacións, figurarán na páxina web da Facultade e na aula virtual da materia.

O horario da materia é o que figura no taboleiro de anuncios da Facultade e na seguinte ligazón:

<http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/profesorado.html>

TITORÍAS

O horario de titorías é o que figura na porta do despacho 314, 3º andar, e na web do centro

<https://www.usc.gal/gl/centros/filosofia/profesorado.html>

O teléfono do despacho é: 881812534 (o extensión 12534). Para consultas fora das horas de titorías pode usarse o Campus Virtual ou o enderezo electrónico:

alejandro.sobrino@usc.es

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOQUE FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

Trátase dunha das materias obrigatorias que se oferta no *Máster universitario en Filosofía. Coñecemento e cidadanía* desde a área de Lóxica e Filosofía da Ciencia. É unha materia do Módulo I, que comprende tamén as seguintes materias: "Cidadanía, xustiza e democracia", "O concepto antropolóxico da cultura a da diversidade cultural", "Ciencia, técnica e pensamento", "Problemas de estética contemporánea" e "Técnicas de traballos de investigación".

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOQUE

A materia pretende ofrecer unha aproximación xeral ás distintas formas de comprender que é o signo e a representación sógnica a partir das propostas de notables semióticos e filósofos da linguaxe do século pasado e presente, prestando especial atención ás dimensións sintáctica e pragmática. Tamén se pretende é mostrar aos signos, e en particular aos índices, como evidencias indicadoras de relacións causais e, en consecuencia, de ferramentas que usa tanto a ciencia como o coñecemento ordinario para confirmar ou falsear hipóteses e establecer a súa obxectividade e verosimilitude. Finalmente, tratarase unha aplicación da semiótica a un ámbito científico contemporáneo: a análise das neuro-imaxes como indicios de funcións cognitivas, mostrando as virtualidades e limitacións da información que proporcionan.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

- Adquirir os coñecementos básicos e teóricos das principais reflexións filosóficas contemporáneas sobre a representación sógnica ou semiose, orixinadas a partires do marco teórico da semiótica e da filosofía analítica.
- Desenvolver a reflexión acerca da representación científica, desde o punto de vista das súas conexións coas concepcións da verdade e da realidade procedentes dos modelos de representación sógnica anteriormente presentados.
- Aplicar a representación sógnica ao ámbito da acción, abordando as conexións entre ficción, virtualidade e realidade.
- Desenvolver destrezas relacionadas coa capacidade discursiva, tanto oral como escrita: presentar ideas con claridade, elaborar argumentacións, realizar observacións críticas ou relacionar e estruturar coherentemente os contidos.

Estes obxectivos concrétanse nos seguintes aspectos:

- a) Entender o signo e a representación símica a través de semióticos sinalados, como F. de Saussure, C.S. Peirce ou Ch. Morris.
- b) Expoñer os signos como entidades illadas ou agrupadas e, se agrupadas, conformando regras (semiosis como inferencia en Peirce). Indicar o papel das regras recursivas na caracterización especie-específica da linguaxe e da cognición humana.
- c) Sinalar dous posibles asentos do signo: como entidade pertencente ao noso equipamento mental ou como algo que xorde da experiencia inmediata.
- d) Mostrar aos signos ou marcas como evidencias sobre as que se asentan as nosas crenzas racionais ('dispoñer de evidencias' ou 'ter razóns para crer' poden considerarse expresións sinónimas).
- e) Mostrar ás imaxes como un tipo de dato ou evidencia, así como as inferencias que permiten.
- f) Analizar as neuroimáxenes como indicios de funcións cerebrais ou mentais, e amosar o valor e a limitación da información que proporcionan.

COMPETENCIAS DE TIPO XERAL

Competencias básicas xerais:

CX1 - Que os/as estudantes se fagan coas capacidades e coñecementos para a análise crítica das diferentes aportacións investigadoras.

CX2 - Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.

CX3 - Que os/as estudantes sexan quen de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións aos problemas aos que se enfronten.

CX4 - Que os/as estudantes se sintan capacitados/as para reflexionar con actitude activa e creativa na procura de solucións.

CX5 - Que os/as estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de ser abordados e resoltos.

CB6 - Que os/as estudantes posúan e comprendan coñecementos que lle faciliten ser orixinais no desenvolvemento ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

CB7 - Que os/as estudantes sexan quen de aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

CB8 - Que os/as estudantes sexan quen de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais ou éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

CB9 - Que os/as estudantes sexan quen de comunicar a súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.

CB10 - Que os/as estudantes teñan as habilidades de aprendizaxe que lle permitan continuar estudando dun xeito que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo e adquirir experiencia na presentación oral das ideas propias.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

CT1 - Instrumentais: Capacidade de comprensión e interpretación de discursos complexos (escritos e orais), análises e sínteses, traballo conceptual. Capacidade para a exposición e comunicación oral e escrita. Capacidade de xestión da información. Resolución de problemas. Toma de decisións.

CT2 - Persoais: Curiosidade e actividade intelectual non restrinxida á filosofía. Capacidade para desenvolverse en contextos culturais e sociais diversos. Boa disposición para as relacións interpersoais, o diálogo intelectual e o traballo cooperativo. Razoamento crítico e compromiso democrático.

CT3 - Sistémicas: Capacidade para a aprendizaxe autónoma. Receptividade e capacidade de resposta ante novas situacións. Creatividade. Coñecemento doutras culturas e costumes. Iniciativa e espírito emprendedor. Motivación pola calidade. Especial sensibilidade con problemas de igualdade e relativos ao medio ambiente.

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO

CE1 - Coñecer e comprender consideracións filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos da materia ‘Signo, representación, realidade’.

CE2 - Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos na materia ao ámbito da investigación.

CE3 - Adquirir habilidades para transmitir e máis ensinar contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos da materia.

CE4 - Saber aplicar os coñecementos adquiridos na materia para a resolución de novos problemas.

CE5 - Ser quen de analizar e sintetizar, argumentar lxicamente, formular xuízos e deliberar conforme a criterios éticos en ámbitos propios da materia.

CE6 - Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar sobre temas que teñan que ver cos signos e a súa representación da realidade.

4. CONTIDOS

1. A representación sógnica ou semiose

1.1 Signos illados. Dimensións e modelos do signo (Sausurre, Peirce, Morris)

1.2 Signos estruturados. A linguaxe como conxunto estruturado de signos. Signos e regras: recursión.

1.3 Pragmática e signo: signo como entidade mental ou como representación da experiencia inmediata.

2. Signos, representación científica e verdade

2.1 Evidencia como signo, síntoma o índice.

2.2 Indicios e causalidade.

2.3 Evidencia como guía da verdade e soporte da ciencia.

3. A acción sógnica

- 3.1. Datos simples, complexos e sintéticos
- 3.2. O acceso cognitivo aos datos presentados en forma de neuroimaxes
- 3.3. As neuroimaxes como evidencias: inferencia próxima e distante

Os contidos desta materia contribúen á adquisición das seguintes competencias propias do título: CX1-10, CT1, CT2, CE1-6

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

Tanto a docencia como a avaliación requiren plena competencia lingüística, oral e mais escrita, en calquera das linguas oficiais, galego ou castelán.

TRABALLO PRESENCIAL NAS AULAS

Contemplase no traballo presencial as dúas modalidades de docencia:

(1) *Aulas expositivas*. Ofrecerase unha explicación dos temas do programa incidindo sobre todo en aqueles aspectos que sexan centrais e que contribúan a que os/as alumnos/as formen o seu propio criterio do explicado. A exposición estará aberta á participación e ao debate e o propio alumnado poderá facerse cargo dalgunha presentación si o tema lle motiva e así llo suxire ao profesor.

(2) *Aulas interactivas*. Favorecerase a participación do alumnado, propondo tarefas como as seguintes:

- Redaccións curtas sobre temas tratados nas aulas expositivas.
- Cuestionarios de preguntas.
- Uso de recursos audiovisuais e comentarios sobre os seus contidos.

A proposta das distintas actividades farase na aula e no campus virtual de la materia. A materia dispón de aula virtual, na que se poderá consultar os textos para as diferentes sesións, as probas a realizar e as cualificacións acadadas.

TRABALLO AUTÓNOMO DO ALUMNADO

- (1) Exposicións de temas do programa.
- (2) Resposta aos cuestionarios propostos.

(3) Comentarios curtos sobre las actividades audiovisuais programadas.

ACTIVIDADE TUTORIAL EN GRUPO

A mediados do curso programaranse titorías en grupo, para pór en común a experiencia formativa recibida hasta ese momento e recoller suxestións para a parte restante do curso. Análise das mesmas e propostas de implementación.

REQUISITOS PARA AS AULAS

Recomendase a participación activa do alumnado nas aulas. Esta levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

- Na participación na aula non se aceptará ningunha actitude que sexa non respectuosa, sexista ou en algún senso discriminatoria.
- Na aula teranse en conta todas as opinións e potenciarase que todo o mundo poda expresar os seus puntos de vista.
- Non serán aceptables argumentacións *ad hominem*.
- As opinións que parezan alleas ou aparentemente erradas serán consideradas tanto como as que sexan máis comúns ou correctas. Do erro e do inesperado tamén se aprende.
- Nas aulas está permitido o uso de ordenadores portátiles, pero non gravar son ou imaxes sen o consentimento explícito de todos os presentes.

6. AVALIACIÓN

E posible superar a materia mediante (1) avaliación continua o (2) facendo o exame final. A avaliación continua require da asistencia á clase: 3 ou máis faltas de asistencia supón a perda desta modalidade de avaliación

(1) A avaliación continua constará de:

1.1 Cuestionarios ou controles sobre as distintas partes do programa.

1.2 Opcionalmente, un traballo de curso sobre algún aspecto do programa. O traballo deberá ser previamente aceptado polo profesor e responderá ao formato dun traballo científico:

- Consistirá na presentación dunha liña argumental, defendendo unha tese. Terá unha estrutura ordenada. Constará de resumo inicial, introdución, contexto no que se desenvolve, exposición da tese e conclusión final. Seguirá o formato dun texto académico

estándar (p. ex., fonte 'Times', tamaño 12, con notas a pé tamaño 10, interliña 1.5, parágrafo xustificado, sen portadas). Pode tomarse como modelo calquera traballo publicado na revista da nosa Facultade, *Agora. Papeles de Filosofía* (www.usc.es/revistas/index.php/agora)

- Terá unha extensión aproximada de 10 páxinas.

Non será obxecto de avaliación continua quen no entregue as tarefas acordadas nos prazos establecidos.

- 2ª Oportunidade.

As persoas que non superen a materia na 1ª oportunidade poderán presentarse á segunda oportunidade, que consistirá nunha proba de preguntas de resposta breve sobre o temario expositivo ou interactivo.

Competencias avaliadas: CX1-10, CT1, CT2, CE1-7

As persoas que non superen ou que non desexen optar pola avaliación continua farán o exame final da materia.

(2) O exame final constará de preguntas de resposta breve sobre o programa da materia.

Competencias avaliadas: CX1-10, CT1, CT2, CE1-CE7

- Alumnado exento de asistencia ás aulas: Deberá presentarse ao exame final e será cualificado a través do mesmo.

DIMENSIONES DA AVALIACIÓN

Avaliación continua:

1. Cuestionarios ou controles sobre as diferentes partes do programa: 90 %
2. Traballo de curso: 10 %

Exame final:

O alumnado que non supere a materia ou que desexe mellorar a nota conseguida na avaliación continua poderá concorrer ao exame final; en ese caso a nota definitiva será a do exame final. O exame final constará de preguntas de resposta breve. A data do exame pode consultarse no seguinte enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/exames>

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS

As competencias básicas e xerais, transversais e específicas son avaliadas en todos e cada un dos diferentes modos e dimensións da avaliación (1, 2 y 3).

Na resolución de cuestionarios ou redaccións breves, as competencias serán avaliadas en función da precisión e a claridade coa que se responda. Nas probas escritas as competencias serán avaliadas atendendo á claridade coa que se responda e a madurez e consistencia amosada nas argumentacións. No traballo as competencias serán avaliadas atendendo á consistencia argumentativa e a profundidade e claridade expositiva.

Alcánzanse os obxectivos fixados e trabállanse as competencias sinaladas no conxunto das actividades previstas para o seguimento da materia.

Avaliaranse os obxectivos e competencias coas probas previstas para a avaliación continua ou, no seu caso, coa proba do exame final (en algunha das oportunidades).

REQUERIMENTO DE ORIXINALIDADE

O/a alumno/a debe atender ao código de boas prácticas da USC, que di que hai que traballar con honestidade intelectual e seriedade no contraste das citas, respectando o traballo dos demais, evitando todo tipo de plaxios e apropiacións indebidas, e actuando co máximo respecto á propiedade intelectual ou industrial. A non observancia desta norma levará apareada a non superación da materia nas dúas convocatorias anuais.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

A materia consta de 3 créditos ECTS, que se reparten segundo se indica na seguinte táboa:

ACTIVIDADE FORMATIVA	HORAS	PRESENCIALIDADE
Clases expositivas de docencia	9	100
Clases interactivas de seminario de docencia	12	100

Tutorías de grupo	3	100
Traballo persoal do/a alumno/a	38.5	0
Traballo en grupo do/a alumno/a	12.5	0

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

- (1) Participación nas presentacións.
- (2) Preparación dos temas/textos seguindo as pautas indicadas.
- (3) Consulta das dúbidas na aula ou nas tutorías.
- (4) Ler, pensar, debater e escribir.

7. BIBLIOGRAFÍA

Básica

Berwick, R. C. y N. Chomsky, *¿Por qué solo nosotros? Evolución y lenguaje*. Kairós, 2016

Calzavarini, F. & Celovani, G., ‘Abductive Reasoning in Cognitive Neuroscience: weak and strong reverse inference’, *Synthese* 200 (2), 2022, 1-26

Chomsky, N., ‘Human Language and other semiotics systems’, *Semiotica*, 25, 1-2, 1979, 31-43.

Chopra, S., L. Labache, E. Dhamala, E.R. Orchard. & A Holmes, ‘A Practical Guide for Generating Reproducible and Programmatic Neuroimaging Visualizations’, OSF Preprints, 2023.

Delehanty, M., Why images? *Medicine Studies*, (2010), 2, 161-173

Everett, D. L., *No duermas, hay serpientes. Vida y lenguaje en la Amazonía*. Turner, 2014. Ver. orig. 2008

Fitch, W. T. & Hauser M. D., 'Computational constraints on syntactic processing in a nonhuman primate'. *Science*, 303, 2004, 377–380.

Hauser, M. D. & Chomsky, N. & Fitch, W. T., 'The Faculty of Language: What Is It, Who Has It, and How Did It Evolve?', *Science*, vol. 298, 2002, 1569-1579.

Kelly, Th. 'Evidence', *Stanford Encyclopedia of Philosophy*, Jul. 28, 2014.

Klein, C., 'Images are not the evidence in neuroimaging', *Brit. J. Phil. Sci.* 2010, 61, 265-278.

McCabe, D. P. & Castel, A. D., 'Seeing is believing: The effect of brain images on judgements of scientific reasoning', *Cognition*, 2008, 107, 343-352.

Morris, C., *Fundamento de la teoría de los signos*. Ed. Paidós, 1985.

Peirce, Ch. S., 'La fijación de la creencia', (1877). En: Charles S. Peirce. *El hombre, un signo (El pragmatismo de Peirce)*, Crítica, Barcelona, 1988, pp. 175-99.
<http://www.unav.es/gep/FixationBelief.html>

Peirce, Ch. S., *La ciencia de la semiótica*, Ediciones Nueva Visión, Buenos Aires, 1974.

Saussure, F. de, *Curso de Lingüística General*. Ed. Losada, 1945

Complementaria

Chomsky, N. *What kind of creatures are we?* Columbia University Press, 2016. V. española, Ariel, 2017.

Everett, D. L. (2010). "You drink. You drive. You go to jail. Where's recursion?". En LingBuzz (<https://ling.auf.net/lingbuzz/001141>)

Genon, S. et. al., 'How to characterize the function of a brain region?' *Trends in Cognitive Science*, April 2018, 22, 4, 350364

Hardcastle, V: G. & Stewart, C. M., 'What do brain data really show?' *Philosophy of Science*, 2002, 69, S72-S83.

Klein, C. 'Philosophical Issues of neuroimaging', *Philosophy Compass*, 2010, 5/2, 186-198.

Lalumera, E. & Fanti, S. (eds.), *Philosophy of Advanced Medical Imaging*, Springer, 2020.

Lowenthal, F. & Lefebvre, L. (eds.), *Language and recursion*. Springer, 2014.

Mounin, G., *Saussure*, Anagrama: Barcelona, 1971.

Pearl, J. & D. Mackenzie, D., *El libro del porqué. La nueva ciencia de la causa y el efecto*. Pasado y presente, 2020

Peirce, Ch. S., 'Carta a Lady Welby', traducción de Ignacio Redondo, 2006 .Vers. orig. SS 22-36. <http://www.unav.es/gep/Welby12.10.04Espanol.html>

Rodden, F. A., & Stemmer, B., 'A brief introduction to common neuroimaging techniques', *Handbook of the Neuroscience of Language*, Academic Press, 2008, 57-67

Roskies, A. L., Neuroimaging and Inferential Distance. *Neuroethics*, 2008, 1:19-30

Sinnott-Armstrong, W., A. Roskies, T. Brown and E. Murphy, 'Brain images as legal evidence', *Episteme*, 2008, 359-373

Fumagalli, A., 'El índice en la Filosofía de Peirce', *Anuario Filosófico*, 1996, (29), 1291-1311.

Van der Hulst, H., *Recursion and Human language*, De Gruyter Mouton, 2010.

Woodward, J. (1997), 'Explanation, Invariance, and Intervention', *Philosophy of Science*. Vol. 64: S26-S41 (Supplement. Proceedings of the 1996 Biennial Meeting of the Philosophy of Science Association. Part II: Symposia Papers (Dec.)).

Podería ser facilitada máis bibliografía na aula física ou virtual, dependendo da marcha do curso e dos intereses amosados polos /as estudantes.

OBSERVACIÓNS: